



FICHA RESUME

PE 403A 2008/46-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS
Réxime ⁽²⁾	AUTORIZACIÓNS
Modalidade ⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), caramuxo (<i>Littorina spp</i> e <i>Monodonta spp</i>), reloxo (<i>D.exoleta</i>), ostra (<i>Ostrea spp</i>).
Ambito do plan	Intermareal entre punta Tragove e Rego do Alcalde co Saco de Fefiñáns, entre Ponte Castrelo e punta Bórrelo e entre o peirao de Cambados e a desembocadura do río Umia.
Subzonas de explotación	O Sarrido, Tubos, Pantalán, Saco Fefiñáns, San Miguel

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé		
193		
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		180										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : De xaneiro a decembro. En O Sarrido respetarase unha veda mínima dun mes entre abril e xuño.												
Modalidade ⁽³⁾ : A PÉ												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : Saco de Fefiñáns, Tubos, San Miguel												
Modalidade ⁽³⁾ : A PE												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	Outub	novemb	dec	
					X							

Especies	A pé
Ameixa fina	3 kg mariscadora/día
Ameixa xaponesa	6 kg mariscadora/día
Ameixa babosa	2 kg mariscadora/día
Ameixa bicuda	1 kg mariscadora/día
Berberecho	5 kg mariscadora/día
Caramuxo	3 kg mariscadora/día
Reloxo	2 kg mariscadora/día
Ostra	1 kg mariscadora/día

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do



estudo que se está a levar a cabo

Artes a empregar	Sacho e angazo ou rastrillo
-------------------------	-----------------------------

Puntos de control	Galpón de Montesaco de San Tomé e lonxa de Tragove
Puntos de venda	Lonxa de Tragove

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas: Mar de Frades e Bebederos												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponés												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Subzonas de O Sarrido (Bebederos, Algaseiras, Illeiras, etc.). Arados con tractor e rastro de vieira modificados.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros						X	X	X	X			
Vixilancias, control de depredadores (<i>Carcinus maenas</i> e <i>Atelecyclus spp</i>)												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

O calendario considerase correcto, pero deberá realizarse unha veda dun mínimo dun mes no Sarrido entre abril e xuño, co obxecto de favorecer na maior medida posible o desove e o recrutamento de berberecho e ameixa babosa.

Modifícanse os topes de captura das seguintes especies con respecto ao proposto, quedando: ameixa fina en 3kg/mariscadora/día (CPUE media dos últimos anos), ameixa xaponesa en 6 kg/mariscadora/día (redución da densidade importantes pero resultados correctos dos controis de tallas).

O raño ou gancha a pé non é arte de marisqueo a pé de conformidade co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro. Polo que o emprego desta arte só poderá



realizarse ao abeiro do correspondente plan experimental que autorice o seu emprego.

O control de depredadores (*C. Maenas* e *Atelecyclus spp*) será valorado cando detallen as zonas, metodoloxía e destino das capturas. Por resolución da delegada territorial poderán autorizarse as accións e establecer as condicións para o seu desenvolvemento.

A autorización para a realización de traballos que supoñan a eliminación de ceba (*Zoostera spp*) no Sarrido estará condicionada polo informe que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible emita sobre o plan de explotación, por tratarse dun espazo natural protexido.

Con respecto ao réxime sancionador recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó regulamento de réxime interior da agrupación, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo. Por outra banda, no momento da elaboración desta ficha, non se presentou a acreditación da aprobación do plan polo órgano competente da confraría.

Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- a) Incluir as mostraxes de outono no plan de explotación, ou a alomenos un resumo das prospeccións nas praias
- b) Detallar a organización do punto de control.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
